

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1381	Citloxía xinecolóxica	2024/2025	9	157	188

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	LETICIA COUSO ACOSTA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico consiste en procesar mostras histolóxicas e citolóxicas, seleccionar e facer a aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas e xerais, e colaborar na realización de necropsias clínicas e forenses, de maneira que sirvan como soporte ao diagnóstico clínico ou médico-legal, organizando e programando o traballo, e cumprindo criterios de calidade do servizo e de óptimo aproveitamento dos recursos, baixo a supervisión facultativa correspondente.

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico exercen a súa actividade no sector sanitario, en organismos e institucións do ámbito público e en empresas privadas, en atención tanto primaria como especializada, así como en centros de investigación. Ademais, realizan o seu traballo baixo a supervisión do/da facultativo/a correspondente.

A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración sanitaria estatal.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- ¿ Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía.
- ¿ Técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía.
- ¿ Citotécnico/a.
- ¿ Axudante de forense.
- ¿ Prosector/ora de autopsias clínicas e médico-legais.
- ¿ Tanatopractor/ora.
- ¿ Colaborador/ora e asistente en bioloxía molecular.
- ¿ Colaborador/ora e asistente de investigación

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Anatomía e características funcionais do aparello xenital feminino	Recoñecemento das características morfolóxicas e funcionais do aparello xenital feminino.	20	10
2	Solicitud do estudo citolóxico: identificación dos datos clínicos	Identificación dos datos clínicos da solicitude do estudo citolóxico.	20	10
3	Análise de citoloxías xinecolóxicas	Técnicas de toma, estudo e processamento das mostras. Idoneidade da mostra	30	15

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Análise de extensións cervicovaxinais na patoloxía benigna non tumoral	Patoloxía xinecolóxica non tumoral que se poden atopar nas mostras citolóxicas.	35	20
5	Análise de extensións cervicovaxinais en procesos neoplásicos	Anomalías das células epiteliais e diagnóstico citolóxico cervico-vaxinal	35	20
6	Análise citolóxico da mama	Histoloxía da mama e o análise da citoloxía normal e maligna da mama	27	15
7	Análise de mostras citolóxicas da vulva, endometrio, trompas de falopio e ovarios	Estudo citolóxico normal e de procesos infecciosos e inflamatorios	21	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Anatomía e características funcionais do aparello xenital feminino	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece as características morfolóxicas e funcionais do aparello xenital feminino, e describe a anatomofisioloxía, a histoloxía e a actividade hormonal	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Detalláronse as características anatómicas dos órganos xenitais femininos
CA1.2 Descríbiuse a anatomía, a fisioloxía e a histoloxía dos órganos xenitais internos e externos
CA1.3 Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial
CA1.4 Identificáronse as hormonas relacionadas co ciclo menstrual e a súa actividade
CA1.5 Descríbíronse as características da puberdade e o climaterio

Criterios de avaliación
CA1.6 Distinguíronse os cambios histolóxicos durante o embarazo e a lactación
CA1.7 Clasificáronse os métodos anticonceptivos
CA1.8 Xustificouse a importancia da protección de datos e o segredo profesional

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Características anatómicas dos órganos xenitais.</p> <p>Anatomía, fisioloxía e histoloxía do aparello reprodutor feminino: histoloxía do ovario, a trompa, o útero, o colo uterino, a vagina e a vulva. Endocérvix e exocérvix.</p> <p>Ciclo menstrual. Ciclo ovárico</p> <p>Puberdade e climaterio.</p> <p>Embarazo e lactación: histoloxía xenital no embarazo e na lactación.</p> <p>Anticoncepción.</p>

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Solicitude do estudo citolóxico: identificación dos datos clínicos	20

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os datos clínicos da solicitude de estudo citolóxico, tendo en conta a relación das probas diagnósticas coa patoloxía xenital	SI
RA3 - Analiza citoloxías xinecolóxicas e describe os patróns de normalidade celular	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse os métodos de exploración xinecolóxica
CA2.2 Detalláronse as técnicas de obtención de mostras
CA2.3 Identificouse a semioloxía asociada á patoloxía xenital feminina
CA2.4 Descríbóronse os trastornos hormonais e sistémicos relacionados con manifestacións clínicas do aparello xenital feminino
CA2.5 Detalláronse os procesos inflamatorios e infecciosos xenitais
CA2.6 Definiuse a patoloxía tumoral benigna
CA2.7 Descríbiuse a patoloxía tumoral maligna
CA2.8 Analizáronse os aspectos epidemiolóxicos do cancro xenital
CA3.9 Diferenciáronse os tipos celulares presentes nas extensións cérvico-vaxinais

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Métodos de exploración xinecolóxica.
Tipos de mostras xinecolóxicas. Extensión cérvico-vaxinal. Técnica da tripla toma de mostras. Citoloxía líquida.
Síntomas e signos en patoloxía xenital feminina.
Patoloxía inflamatoria e infecciosa.
Epidemioloxía do cancro xenital feminino e da mama.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Análise de citoloxías xinecolóxicas	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza citoloxías xinecolóxicas e describe os patróns de normalidade celular	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Detalláronse as técnicas de toma de mostra citolóxica
CA3.2 Descríbóronse as técnicas de preparación, fixación, tinguidura e diagnóstico
CA3.3 Detalláronse os requisitos de idoneidade da mostra
CA3.4 Descríbiuse a técnica de varrido
CA3.5 Definiuse o método de lectura da preparación
CA3.6 Realizouse a marcaxe de zonas de interese
CA3.7 Detectáronse e marcáronse artefactos e contaminantes nas citopreparacións
CA3.8 Defíníronse os patróns de normalidade celular cérvico-vaxinal
CA3.9 Diferenciáronse os tipos celulares presentes nas extensións cérvico-vaxinais
CA3.10 Identificáronse patróns de normalidade hormonal nas extensións cérvico-vaxinais
CA3.11 Identificáronse outros compoñentes celulares e non celulares presentes na extensión

**4.3.e) Contidos**

Contidos
<p>Técnicas de toma citolóxica: ovario, trompa, endometrio, cérvico-vaxinal e vulva.</p> <p>0Artefactos e contaminantes na citoloxía cérvico-vaxinal.</p> <p>Técnicas de estudo citolóxico.</p> <p>Técnicas de procesamento: preparación, fixación, tinguidura e diagnóstico.</p> <p>Recursos tecnolóxicos en citodiagnóstico. Automatización. Citoloxía líquida.</p> <p>Idoneidade da mostra e adecuación da extensión.</p> <p>Normas para a lectura das extensións citolóxicas.</p> <p>Avaliación hormonal.</p> <p>Patróns hormonais fisiolóxicos.</p> <p>Citoloxía normal do aparello xenital feminino. Colo uterino normal. Acción hormonal sobre o epitelio.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Análise de extensións cervicovaxinais na patoloxía benigna non tumoral	35

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza extensións cérvico-vaxinais e describe os signos de alteración na patoloxía benigna non tumoral	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Diferenciáronse as características da inflamación

Criterios de avaliación
CA4.2 Clasifícanse as principais infeccións cérvico-vaxinais e os microorganismos responsables
CA4.3 Descríbanse as características morfolóxicas e de tingidura específicas dos microorganismos que poden aparecer en extensións cérvico-vaxinais
CA4.4 Identifícanse as alteracións celulares producidas polos microorganismos
CA4.5 Identifícanse as características dos procesos reactivos ou dexenerativos e rexenerativos
CA4.6 Realízouse o varrido da citopreparación e a márcanse os achados de interese
CA4.7 Relacionáronse entre eles os achados histopatolóxicos cos datos clínicos
CA4.8 Elaborouse o informe coa terminoloxía médico-clínica adecuada

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Infeccións bacterianas, por fungos, por clamydias e por virus.</p> <p>Parasitose.</p> <p>Cambios inflamatorios das células epiteliais.</p> <p>Citoloxía do DIU.</p> <p>Procesos reactivos benignos do epitelo: metaplasia escamada.</p> <p>Cambios reparativos.</p> <p>Hiperqueratose e paraqueratose.</p>

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Análise de extensións cervicovaxinais en procesos neoplásicos	35



**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Analiza extensións cérvico-vaxinais e describe as alteracións celulares en procesos neoplásicos benignos e malignos	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Definíronse os criterios de diagnóstico citopatolóxico nas lesións preneoplásicas e neoplásicas do colo uterino
CA5.2 Identificáronse as alteracións morfolóxicas celulares neoplásicas benignas
CA5.3 Identificáronse as alteracións morfolóxicas celulares neoplásicas malignas
CA5.4 Descríbonse os criterios de malignidade xerais e específicos de cada tipo tumoral
CA5.5 Realizouse o varrido da citopreparación e marcáronse os achados de interese
CA5.6 Relacionáronse as imaxes citopatolóxicas coa clínica informada
CA5.7 Elaborouse o informe coa terminoloxía médico-clínica adecuada

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Patoloxía tumoral benigna de útero.
Patoloxía tumoral maligna de útero: infección por virus do papiloma humano (HPV).
Diagnóstico citolóxico cérvico-vaxinal: sistema Bethesda. Negativo para lesión intraepitelial con malignidade (NILM).
Anomalías das células epiteliais escamudas. Células escamudas atípicas de significado indeterminado (ASC-US). Lesión escamuda intraepitelial de baixo grao (LSIL). Lesión escamuda intraepitelial de alto grao (HSIL). Carcinoma escamudo infiltrante.
Anomalías das células epiteliais glandulares: células endocervicais atípicas e células endometriais atípicas. Adenocarcinoma endocervical in situ. Adenocarcinoma.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Análise citolóxico da mama	27

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza imaxes de citoloxías procedentes da mama en relación cos patróns de normalidade e anormalidade celular	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Describiuse a histoloxía e as características celulares da mama
CA6.2 Definíronse os procesos benignos e malignos máis frecuentes
CA6.3 Tipificáronse os tipos de mostras da mama
CA6.4 Definíronse as características dun patrón citolóxico de normalidade
CA6.5 Definíronse as características dun patrón citopatolóxico
CA6.6 Tipificáronse as modificacións e os elementos formes extracelulares que se observan nas preparacións
CA6.7 Identificáronse as características dun patrón neoplásico benigno e maligno, e os criterios citolóxicos específicos de malignidade
CA6.8 Relacionouse o achado coa información clínica achegada, e rexistrouse o resultado coa terminoloxía correspondente

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Histoloxía da mama.

Contidos
<p>Métodos de exploración.</p> <p>Patróns de normalidade na citoloxía da mama.</p> <p>Citopatoloxía non tumoral da mama.</p> <p>Citopatoloxía tumoral da mama. Inmunocitoquímica no cancro de mama.</p>

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Análise de mostras citolóxicas da vulva, endometrio, trompas de falopio e ovarios	21

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Analiza mostras citolóxicas de vulva, endometrio, trompas e ovario, e describe os patróns de normalidade celular, inflamación, dexeneración e neoplasia	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse os criterios de idoneidade da mostra
CA7.2 Descríbense as alteracións morfolóxicas celulares de cada órgano ou tecido na patoloxía inflamatoria, dexenerativa e tumoral
CA7.3 Realízase o varrido da citopreparación e márcanse os achados de interese
CA7.4 Relaciónanse as imaxes citopatolóxicas coa clínica
CA7.5 Elaborouse o informe coa terminoloxía médico-clínica adecuada

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Citloxía vulvar. Citloxía normal. Procesos inflamatorios e infecciosos. Tumores malignos.
Citloxía de endometrio. Citloxía normal. Procesos inflamatorios. Patoloxía benigna. Adenocarcinoma endometrial. Citloxía de trompas de Falopio. Citloxía normal. Patoloxía benigna e maligna.
Citloxía de ovario. Citloxía normal. Patoloxía benigna e maligna.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles aparecen sinalados en cada unha das unidades didácticas. Debe de terse en conta que os criterios de cualificación que se formulan son criterios mínimos polo que o alumnado debe de realizar todas as actividades propostas de xeito aceptable e sendo susceptibles de corrección e modificación coa axuda do profesorado e apoiándose no grupo.

En cada avaliación a cualificación calcularase da seguinte maneira:

As probas escritas suporán un 75% da cualificación e os exercicios propostos. As probas escritas incluírán preguntas tipo test e preguntas de resposta curta, sobre o temario desenrolado durante cada avaliación. A preguntas tipo test respostas de maneira errada contan negativo.

Os traballos/prácticas de clase suporán un 15%.

O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables, e unha nota total de 4,5 puntos no conxunto de probas para obter unha cualificación positiva de cada Unidade Didáctica e polo tanto na avaliación. De non ser así deberá recuperar as Unidades Didácticas non superadas.

Valorarase mediante táboa de observación a realización de actividades teóricas/prácticas na aula cun 10%.

Para acadar unha avaliación final positiva, o alumnado deberá superar tódalas avaliacións parciais e poder considerar así o módulo aprobado.

A nota final será o resultado da media das avaliacións parciais.

O alumno que supere o 10% de faltas NON XUSTIFICADAS das horas totais do módulo perderá o dereito á avaliación continua, tendo que realizar unha proba final extraordinaria sobre os contidos mínimos do módulo.

Os exames ensinaranse ao alumnado corrixidos e cualificados, e quedarán arquivados en poder do profesor.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que algún alumno non supere algunha das avaliacións parciais, terá oportunidade de recuperala nas datas previstas no calendario de exames do centro. No caso de que non se acaden os mínimos exixidos naqueles alumnos que queden próximos a superación do módulo, poderase plantexar a posibilidade de realizar algún traballo ou actividade que compense o déficit existente.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito a avaliación continua por ter superado o 10% das faltas de asistencia poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación despois de avaliación final de módulos de 2º, que consistirá nunha proba teórico-práctica escrita.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento.

No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademáis realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma, tal como este:

Nº Aspecto a avaliar.Observacións. Avaliacións

1 Ámbito produtivo

2 Desenvolvemento

3 Secuenciación /Temporalización

4 Avaliación

5 Metodoloxía didáctica  
6 Temas transversais  
7 AANEE  
8 Sistema Extraordinario de avaliación  
9 Sistema de recuperación pendentes  
10 Actividades complementarias e extraescolares  
11 Sistema Avaliación PD e PD  
12 Sistema Información ao alumnado

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo. Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o titor/a. A avaliación inicial en ningún caso levará consigo unha cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que, trala avaliación inicial, se detecte a necesidade de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación, etc.) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

Así mesmo, aqueles alumnos con NEAE adoptaranse as medidas requiridas que constan nos diferentes Protocolos da Xunta de Galicia. Non obstante, se é o caso, complementarase con medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade, tendo en conta as circunstancias propias e particulares do alumnado.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Estes aspectos actitudinais deben ser tratados de forma permanente, consciente e intencional. Por tanto, durante as sesión debemos:

- Favorecer a igualdade entre mulleres e homes, así como a integración do alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non so transmisivas.
- Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.
- Incidir na educación ambiental (eliminación de residuos, conservación do medio ambiente, etc.).
- Destacar a educación para a saúde.

A referencia a todos estes casos farase incluíndo numerosos exemplos e novas da prensa diaria.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizárase unha saída no primeiro trimestre ao laboratorio de Anatomía Patolóxica do Hospital Montecelo.  
Intentárase programar outra saída no segundo trimestre segundo a accesibilidade e dispoñibilidade dos servizos a consultar..